

ANEXO 1- CUESTIONARIO

Planificación		
1	Realizo a programación do meu proxecto educativo, tendo como referencia a súa estrutura inicial.	
2	Selecciono e secuencio as tarefas do meu proxecto cunha distribución e unha progresión axeitada ás características de cada grupo de alumnos/as.	
3	Planifico as reunións de titorización de xeito flexible, axustadas sempre o máis posible ás necesidades e intereses do grupo de traballo.	
4	Planifico a miña actividade de titorización de forma coordinada co resto do profesorado participante no proxecto.	
Motivación inicial e ao longo de todo o proceso do alumnado colaborador		
5	Presento e propoño un plan de traballo, explicando a súa finalidade en cada reunión co grupo de traballo.	
6	Manteño o interese do alumnado colaborador partindo da súas experiencias, cunha linguaxe clara e adaptada.	
7	Comunico a finalidade das actividades para realizar, a súa importancia, funcionalidade e aplicación real.	
8	Proporciono información dos progresos conseguidos, así como das dificultades atopadas.	
Organización das reunións de titorización		
11	Distribúo o tempo axeitadamente (breve tempo de exposición e o resto para as dúbidas, preguntas e aclaracións que precise o grupo de traballo).	
12	Comprobo, de diferentes modos, que os alumnos/as comprenderon a tarefa que teñen que realizar: facendo preguntas, facendo que verbalicen o proceso...	
13	Facilito estratexias de traballo: como solicitar axuda, como buscar fontes de información, pasos para resolver cuestións, problemas, animo ao traballo e asegúrome a participación de todos e de todas.	
14	Reviso e corrixo a miúdo o traballo realizado polo grupo.	
15	Proporcióno lle información ao grupo sobre a execución das tarefas e sobre como poden melloralas.	
16	Controlo frecuentemente o traballo do alumnado (axuda e orientación adicional).	
17	As relacións que establezo cos colaboradores e as que eles establecen entre si son correctas, fluídas e dende unhas perspectivas non discriminatorias.	
18	Favorezo a elaboración de normas de convivencia coa achega de todos/as e reacciono de xeito ecuánime ante situacións conflictivas.	
19	Fomento o respecto e a colaboración entre os alumnos e alumnas e acepto as súas suxestións e achegas, tanto para a organización das reunións como para a realización do traballo	

20	Proporciono situacións que lles facilitan aos alumnos/as o desenvolvemento da afectividade e relacións interpersoais como parte da súa educación integral.	
----	--	--